

Acta da Comisión Permanente do día 12 de novembro de 2010

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 12/11/2010.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 12/11/2010.
- III. Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados por esta Comisión Permanente.
- IV. Documentación referente ás solicitudes de validación de actividades por créditos de libre elección: Curso de primeiros auxilios.
- V. Documentación referente ás solicitudes de validación de actividades por créditos de libre elección: Ciclo de CINE MINEIRO.
- VI. Documentación referente ás solicitudes de validación de actividades por créditos de libre elección: Prácticas no Concello de Mos.

Ábrese a sesión ás 10 horas e 19 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores: 13 de outubro de 2010 e extraordinaria de 29 de outubro de 2010.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas correspondentes as sesións celebradas o 13 de outubro de 2010 e o 29 de outubro de 2010.

2. Aprobación, se procede, da validación/adaptación de materias.

Ao non ter ningunha solicitude presentada, pásase ao seguinte punto na orde do día.

3. Aprobación, se procede, de títulos e tribunais de proxectos fin de carreira.

A Comisión acorda aprobar os títulos e tribunais de proxecto fin de carreira que se relacionan no anexo III.

4. Concesión se procede de 7ª convocatoria ós alumnos que a solicitaron.

Ao non ter ningunha solicitude presentada, pásase ao seguinte punto na orde do día.

5. Validación, se procede, de cursos/actividades por créditos de libre elección.

En relación ao curso de FORMACIÓN BÁSICA EN SOCORROS: PRIMEIROS AUXILIOS, visto o contido do curso de Extensión Universitaria "Primeiros auxilios", a Comisión acorda conceder o recoñecemento de 2 créditos de libre elección a esta actividade.

En relación ao ciclo de CINE MINEIRO, visto o informe da actividade (que se achega como anexo V) presentado polos responsables, a Comisión acorda conceder o recoñecemento de 1 crédito de libre elección aos alumnos que participen nun mínimo de 4 sesións desta actividade.

En relación as solicitudes de validación de Prácticas en Empresas presentadas polos alumnos:

, visto o informe emitido polo titor (que se achega como anexo VI a esta acta), a Comisión acorda denegar o recoñecemento de créditos de libre elección como prácticas en empresa por ser, en realidade, bolseiros da Universidade de Vigo que colaboraron nun proxecto dun profesor/investigador desta Universidade, aínda que este sexa xestionado por FEUGA.

6. Admisión a trámite, se procede, de solicitudes de Avaliación Curricular, e nomeamento das Comisións de Avaliación.

A Comisión acorda admitir a trámite as seguintes solicitudes de avaliación curricular:

ALUMNO	MATERIA	ÁREA AFECTADA
	Metalurxia	Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica
	Resistencia de Materiais I	Mecánica dos medios continuos e teoría de estruturas
	Enxeñaría do Terreo, Xeotécnica e Mineira	Explotación de minas
	Tecnoloxía Mecánica e de Fabricación	Enxeñaría dos procesos de fabricación
	Enxeñaría do Terreo, Xeotécnica e Mineira	Explotación de minas
	Cálculo II	Matemática aplicada

As Comisións que valorarán as solicitudes estarán compostas polos seguintes membros:

ÁREA	PROFESOR
Titular: 600 Mecánica de fluídos Suplente: 720 Proxectos	Titular: Dona Secundina García Conde Suplente: Dona Itziar Goicoechea Castaño
Titular: 535 Enxeñaría eléctrica Suplente: 065 Ciencia dos materiais	Titular: Don Antonio Quicler Costas Suplente: Dona Julia Cristobal Ortega
Titular: 710 Prospección e investigación mineira Suplente: 590 Máquinas e motores térmicos	Titular: Don Enrique Orche García Suplente: Don Fernando Cerdeira Pérez
Titular: 280 Estratigrafía Suplente: 545 Mecánica	Titular: Don José Bienvenido Díez Ferrer Suplente: Don Gerardo Peláez Lourido

Salvo na correspondente á Dona , na que a profesora Dona Julia Cristóbal Ortega será substituída por Don Miguel Ángel Comesaña Benavides, da área de Organización de Empresas.

Ademais, en cada comisión haberá un profesor designado por cada unha das áreas afectadas e un alumno nomeado por cada un dos solicitantes.

7. Nomeamento, se procede, do tribunal para a concesión do Premio Extraordinario Fin de Carreira do curso 2009-2010.

Ao non terse presentado candidaturas propónse que a dirección asuma a titularidade do citado tribunal. A Comisión Permanente aproba, por asentimento, dita proposta.

8. Rolda aberta de intervencións.

Non se producen intervencións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 19 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, doce de novembro de dous mil dez.

Vº e praxe
O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

Enrique Granada Álvarez

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 12/11/2010

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 12/11/2010

Asistentes á Comisión Permanente do 12 de novembro de 2010
Presidente da Comisión
Pedro Arias Sánchez
Secretario
Enrique Granada Álvarez
Subdirector
José Benito Vázquez Dorrió
Profesorado
María Araújo Fernández
Ángeles Saavedra González
Fernando García Bastante
Fernando Cerdeira Pérez
Carmen Pérez Pérez
Alumnos
Raúl Giráldez Moreira
David Fernández Rodríguez
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

ANEXO III
Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados
por esta Comisión Permanente

ANEXO IV

**Documentación referente ás solicitudes de validación de
actividades por créditos de libre elección:
Curso de primeiros auxilios.**

ANEXO V

**Documentación referente ás solicitudes de validación de
actividades por créditos de libre elección:
Ciclo de CINE MINEIRO.**

ANEXO V

**Documentación referente ás solicitudes de validación de
actividades por créditos de libre elección:
Prácticas no Concello de Mos**